

PREGUNTAS FRECUENTES

BENEFICIARIOS

1. ¿Pode participar no proxecto máis dun organismo de investigación?

Como beneficiario só pode participar un organismo de investigación que realice un proxecto en cooperación de I+D cunha empresa/s que pertencen a un mesmo grupo empresarial. Non obstante poden participar outros organismos de investigación como entidades subcontratadas.

Nos proxectos de innovación en materia de organización e procesos non pode participar un organismo de investigación como beneficiario, pero si podería participar como entidade subcontratada.

2. ¿Que se entende por grupo empresarial?

O que establece o Código de Comercio no seu artigo 42

“1. Toda sociedade dominante dun grupo de sociedades terá a obriga de formular as contas anuais e o informe de xestión consolidados na forma prevista nesta sección.

Existe un grupo cando unha sociedade ostente ou poida ostentar, directa ou indirectamente, o control doutra ou outras. En particular, presumirase que existe control cando unha sociedade, que se cualificará como dominante, se atope en relación con outra sociedade, que se cualificará como dependente, nalgunha das seguintes situacións:

a) Posúa a maioría dos dereitos de voto.

b) Teña a facultade de nomear ou destituír á maioría dos membros do órgano de administración.

c) Poida dispor, en virtude de acordos celebrados con terceiros, da maioría dos dereitos de voto.

d) Teña designado co seus votos á maioría dos membros do órgano de administración, que desempeñen o seu cargo no momento en que deban formularse as contas consolidadas e durante os dous exercicios inmediatamente anteriores. En particular, presumirase esta circunstancia cando a maioría dos membros do órgano de administración da sociedade dominada sexan membros do órgano de administración ou altos directivos da sociedade dominante ou doutra dominada por esta. Este suposto no dará lugar á consolidación se a sociedade cuxos administradores foron nomeados, está vinculada a outra nalgún dos casos previstos nas dous primeiras letras deste apartado.

Para os efectos deste apartado, aos dereitos de voto da entidade dominante engadíranse os que posúa a través doutras sociedades dependentes ou a través de

persoas que actúen no seu propio nome pero por conta da entidade dominante ou doutras dependentes ou aqueles dos que dispoña concertadamente con calquera outra persoa.

2. A obriga de formular as contas anuais e o informe de xestión consolidados non exime ás sociedades integrantes do grupo de formular as súas propias contas anuais e o informe de xestión correspondente, conforme ao seu réxime específico.

3. A sociedade obrigada a formular as contas anuais consolidadas deberá incluír nelas, ás sociedades integrantes do grupo nos termos establecidos no apartado 1 deste artigo, así como a calquera empresa dominada por estas, calquera que sexa a súa forma xurídica e con independencia do seu domicilio social.

4. A xunta xeral da sociedade obrigada a formular as contas anuais consolidadas deberá designar aos auditores de contas que terán que controlar as contas anuais e o informe de xestión do grupo. Os auditores verificarán a concordancia do informe de xestión coas contas anuais consolidadas.

5. As contas consolidadas e o informe de xestión do grupo terán que someterse á aprobación da xunta xeral da sociedade obrigada a consolidar simultaneamente coas contas anuais desta sociedade. Os socios das sociedades pertencentes ao grupo poderán obter da sociedade obrigada a formular as contas anuais consolidadas os documentos sometidos á aprobación da xunta, así como o informe de xestión do grupo e o informe dos auditores. O depósito das contas consolidadas, do informe de xestión do grupo e do informe dos auditores de contas no Rexistro Mercantil e a publicación deste efectuaranse de conformidade co establecido para as contas anuais das sociedades anónimas.

6. O disposto na presente sección será de aplicación aos casos en que voluntariamente calquera persoa física ou xurídica formule e publique contas consolidadas. Igualmente aplicaranse estas normas, en canto sexa posible, aos supostos de formulación e publicación de contas consolidadas por calquera persoa física ou xurídica distinta das contempladas no apartado 1 do presente artigo.”

3. Nos proxectos que se presenten en cooperación, de innovación en materia de organización e procesos, ¿cal é o requisito que se esixe para poder participar?

É necesario sempre que participe unha peme, xunto con outras empresas, e que todas as empresas participantes pertencen a dous grupos empresariais como máximo.

É dicir, a agrupación estaría formada por empresas dun ou dous grupos empresariais e é requisito imprescindible que unha delas sexa peme.

4. ¿Existe algún límite no número de empresas do mesmo grupo empresarial que poidan participar nun proxecto en cooperación?

Non, non existe ningún límite, pero cada unha das empresas ten que aportar algo diferencial ao proxecto, de forma que se xustifique a súa participación nel. Non valería unha mera repetición de funcións en distintas empresas.

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

1. ¿Poderían ser subvencionables no concepto de custos de equipamento e material instrumental, do artigo 14 das bases, a amortización de equipamentos que non sexan de nova adquisición?

Non, o propio artigo 14 esixe que o equipamento e material instrumental debe ser de nova adquisición para a súa utilización no proxecto.